

NOIA HARP FEST

O Noia Harp Fest convoca a primeira edición do Premio Internacional de Composición Portus Apostoli para arpa e orquestra

A obra gañadora do certame, que contará cun xurado conformado por arpistas e directores de distintas nacionalidades, estrearse no 2023 da man da Real Filharmonía de Galicia

A IX edición do Festival Internacional de Arpa Vila de Noia celebrará concertos singulares e dunha notable calidade artística do 3 ao 7 de agosto



Noia, 18 de maio de 2022.- O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia vén de publicar esta mañá na súa páxina web, www.noiaharpfest.gal, as bases do **I Premio Internacional de Composición Portus Apostoli**, un certame innovador que nace ao abeiro do festival coa intención de promover e ampliar o repertorio das obras para arpa e orquestra. O galardón, que conlevará unha achega económica de 2.000 euros para a composición gañadora, suporá a estrea da obra, en concerto, da man da Real Filharmonía de Galicia o ano que vén.

NOIA HARP FEST

A convocatoria do **Premio Portus Apostoli**, que conta coa colaboración de Turismo de Noia, está aberta desde hoxe e até o vindeiro 23 de decembro de 2022 a todas e todos os compositores de calquera nacionalidade e sen límite de idade. Un xurado internacional, conformado por **arpistas e directores de orquestra de recoñecido prestixio**, será o responsable de valorar e premiar as creacións, nas que se terán en conta, entre outros aspectos, a proposta creativa; o tratamento da técnica e da escritura para arpa -así como da orquestración-; a coherencia, proporción e equilibrio no traballo técnico; ou o equilibrio entre dificultade e resultado musical. Ademais, o tribunal valorará positivamente aquelas obras con referencias á música ou á cultura galega.

Cada compositora ou compositor poderá presentar unha soa obra, que deberá ser **orixinal e inédita**, de xeito que non poderán participar no certame pezas creadas froito dun encargo remunerado, premiadas noutro concurso ou que fosen interpretadas anteriormente en concertos ou actos públicos. A nova composición será de **tema libre**, deberá estar escrita para **arpa e orquestra** (sen medios electroacústicos) e poderá ter unha duración de entre **10 e 15 minutos**. Para máis información sobre as bases e o **Premio Portus Apostoli**, que se fallará antes do 15 de febreiro de 2023, pódese visitar a páxina web oficial do festival, www.noiaharpfest.gal.

IX Noia Harp Fest

A novena edición do **Festival Internacional de Arpa Vila de Noia**, o único festival de Galicia e do noroeste da Península Ibérica que ten como absoluta protagonista a arpa, celebrarase do **3 ao 7 de agosto**. No seu cartel conflúen artistas de ámbito galego, estatal e internacional, de estilos diversos mais unidos pola interpretación musical a través da arpa. Artistas e agrupacións como **Savourna Stevenson, Steve Kettle, Hermanos Corbalán, Kora Jazz Trío, Clotilde Trouillaud, Paula Ceremuzynksa, Manuel Vilas, Beatriz Martínez, Rafa Fernández Trio ou Bleuenn le Fric** formarán parte da nova edición dun evento no que a veciñanza gozará tanto ao aire libre - Praza do Tapal- coma no interior de recintos culturais da vila -Igrexa de Santa María A Nova, Teatro Coliseo Noela- de concertos singulares e dunha notable calidade artística.

Noia Harp Fest, que dirixe o arpista Rodrigo Romanía, conta co patrocinio do Concello de Noia, coa colaboración de Cabaniñas do Bosque e da distribuidora dixital de música Altafonte, ademais do apoio do Liceo de Noia e da Asociación Terra de Outes.

Sala de prensa Noia Harp Fest

<https://www.dropbox.com/sh/papm58kshsxxp0x/AADdVY1zpkgey3335cQZmxZVa?dl=0>

Contacto de prensa Noia Harp Fest

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

Luisa Castiñeira | 620 113 155

prensa@theofficeco.es